


**XORNADAS
DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA
2017**

**MÚSICA
[E OUTRAS
ARTES]**



**7 out—25 nov
2017**


**Santiago de
Compostela**





XORNADA
DE MÚSICA
CONTEMPORANEA
2017

MÚSICA
[E OUTRA



...S

...A

...O RÁNEA


7 out—25 nov 2017
Santiago de Compostela

...S ARTES]

A Concellaría de Acción Cultural presenta unha nova edición das Xornadas de Música Contemporánea nos meses de outubro e novembro, cunha programación de concertos que se estruturan arredor dun fío argumental centrado na transversalidade da música e a súa relación con outras artes. Dezaoito recitais entre os que se inclúen dez estreas absolutas e cuxa programación está conformada polos grupos máis consolidados do actual panorama da música contemporánea.

Na procura de interrelacionar as artes, o Taller Atlántico Contemporáneo presenta *Concertino para flauta*, un encargo ao compositor compostelán Fernando Buide que será ofrecido xunto coa obra de Maxwell Davies, *Vesalii Icons*, inspirada nos debuxos que Vasilius fixo no século XVI para o estudo da anatomía humana. Na interpretación desta obra, o TAC contará coa colaboración da vídeo creadora galega Laura Iturralde. Pola súa parte, a compañía La Fármaco propón recuperar o concepto clásico de cerimonia estética a partir da danza. Retomar o espectáculo total, onde a música en directo forma parte dos elementos expresivos que se reúnen en escena. Música, danza e pintura en vivo inspiradas nun dos símbolos máis significativos da cultura xaponesa, o círculo, ensámblanse no proxecto *Six Japanese Gardens*, da man dos grupos de percusión e danza dos conservatorios profesionais de Lugo. Xunto a disciplinas tan diversas como a pintura, a vídeo creación ou a danza, esta edición do certame non se esquece doutra das grandes artes, o cinema, que vira en protagonista da proposta do pianista Nicasio Gradaille, con obras que tratan de escarvar nos filmes de directores icónicos como Kubrick e Hitchcock.

As Xornadas de Música Contemporánea 2017 continúan incidindo na necesaria presenza de relevantes formacións galegas. Nesta edición, Vertixe Sonora Ensemble ofrece un programa con catro obras que exploran a relación entre música e vídeo; o Grupo Instrumental Siglo XX e Vox Stellae dan prioridade á composición en Galicia con pezas de recoñecidos compositores como Jesús González, Paulino Pereiro, Manuel Rodeiro ou Joám Trillo, relevante figura da música galega dos últimos 50 anos. A formación Zoar tamén incide na recuperación do patrimonio musical galego do século XX, homenaxeando a Carlos López García-Picos. Pola súa parte, Paulo p. e Berta Fresco exploran as posibilidades da gaita de fol para interpretar música contemporánea creada por compositoras e compositores como Marta Lozano, Antón Pulido, José Luis Sánchez ou o propio Paulo p., con acompañamento de piano.



Como en anteriores edicións, participan nestas Xornadas a Orquestra de Cámara Galega, que se encargará de homenaxear a Rogelio Groba coa estrea dunha nova obra, a Orquestra da Universidade de Santiago de Compostela, a Banda Municipal de Santiago e a Real Filharmonía de Galicia, cun programa con composicións de John Adams e Igor Stravinski.

A vangarda da música contemporánea española estará representada por relevantes formacións como o Grupo Cosmos 21 ou Sigma Project. Tamén polo dúo integrado pola mezzsoprano Magdalena Llamas e o pianista Luis Fernando Pérez ou o Cuarteto Granados e a soprano Alicia Amo, que presentarán obras de encargo do CNDM e estreas absolutas de célebres autoras e autores como Rubén L. Someso, Hilda Paredes, José Luis Turina ou Gustavo Díaz Jerez.

As Xornadas de Música Contemporáneas xeran lugares para o encontro e a difusión da música en diversos espazos da cidade, como a Igrexa e o Paraninfo da Universidade, o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) ou o Auditorio de Galicia. Crean ao seu redor un tecido cultural a prol das manifestacións musicais máis actuais. Todas estas actividades non serían posibles sen a estreita relación entre o Concello de Santiago, a Universidade de Santiago de Compostela e o Centro Galego de Arte Contemporánea, que contan coa participación da Deputación da Coruña, coa colaboración do Consorcio de Santiago e o apoio do Centro Nacional de Difusión Musical do Instituto Nacional de las Artes Escénicas y la Música.

Martiño Noriega Sánchez

Alcalde de Santiago de Compostela

Entradas

ACCESO LIBRE ATÉ COMPLETAR O AFORO

É preciso adquirir entrada para as actuacións da
Real Filharmonía de Galicia

Xoves, 26 de outubro—20.30 h—Auditorio de Galicia—15 euros*
Venres, 27 de outubro—18.30 h—Auditorio de Galicia—5 euros**

Horario dos despachos de billetes

Teatro Principal

Aberto de 18.00 a 20.30 h de martes a sábado

Auditorio de Galicia

O día de concerto a partir das 18.00 h

***Descontos do 50% para:**

Persoas desempregadas, maiores de 65 anos, xubiladas, menores de 25 anos, estudantes, perceptoras de rendas sociais, familias monoparentais e familias numerosas.

**** Concerto Descubre unha orquestra para ti. A túa!**

Se a persoa que merca a entrada é menor de catorce anos, recibe outras dúas de balde.

Calendario

OUTUBRO

GRUPO COSMOS 21

Carlos Galán, director
Sábado 7—20.30 h—CGAC
Páx.—11

GRUPO INSTRUMENTAL SIGLO XX

Sábado 14—20.30 h—Igrexa da Universidade
Páx.—13

SIGMA PROJECT

Venres 20—20.30 h—Igrexa da Universidade
Páx.—15

MAGDALENA LLAMAS, mezzosoprano

LUIS FERNANDO PÉREZ, piano
Sábado 21—20.30 h—Paraninfo da USC
Páx.—17

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA

Casiano Mourinho Maquieira, director
Domingo 22—20.30 h—Teatro Principal
Páx.—19

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Paul Daniel, director
Xoves 26—20.30 h—Auditorio de Galicia
Venres 27—18.30 h—Auditorio de Galicia
Páx.—21

PAULO p., gaita—**BERTA FRESCO**, piano

Venres 27—20.30 h—Paraninfo da USC
Páx.—23

VERTICE SONORA ENSEMBLE

Sábado 28—20.30 h—CGAC
Páx.—25

GRUPO DE DANZA CONTEMPORÁNEA DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DE LUGO—GRUPO DE PERCUSIÓN DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA XOÁN MONTES DE LUGO

Diego Ventoso, director
Domingo 29—12.30 h—
Auditorio de Galicia—Sala Mozart
Páx.—27

NOVEMBRO

VOX STELLAE

Luis Martínez, director
Venres 3—20.30 h—Igrexa da Universidade
Páx.—29

ZOAR

Sábado 4—20.30 h—Paraninfo da USC
Páx.—31

TALLER ATLÁNTICO CONTEMPORÁNEO

Diego García Rodríguez, director
Venres 10—20.30 h—CGAC
Páx.—33

ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

Rogelio Groba, director
Sábado 11—20.30 h—Igrexa da USC
Páx.—35

ORQUESTRA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Mario Diz, director
Domingo 12—12.30 h—Igrexa da USC
Páx.—37

LA PHÁRMACO

Venres 17—20.30 h—
Auditorio de Galicia—Sala Mozart
Páx.—39

NICASIO GRADAILLE, piano

Sábado 18—20.30 h—CGAC
Páx.—41

MANUEL BLANCO, trompeta

JESÚS SÁNCHEZ, piano
Venres 24—20.30 h—Paraninfo da USC
Páx.—43

CUARTETO GRANADOS

ALICIA AMO, soprano
Sábado 25—20.30 h—Igrexa da Universidade
Páx.—45

Grupo Cosmos 21

O Grupo Cosmos 21 presentouse ao público en febreiro de 1988 no Círculo de Bellas Artes de Madrid, dentro dun ciclo de mozos compositores que patrocinaba o CDMC. Dende entón, participaron no Festival Internacional de Alicante, o Festival Internacional de Santander, na Aula de Reestrenos da Fundación J.March, no Festival de Otoño de Madrid, no Festival de Arte Sacro, no II Ciclo de Música en Semana Santa (Madrid), no XI Festival Internacional de Música Contemporánea de Tres Cantos, no Festival COMA, no Instituto Internacional, no Festival de Primavera (Segovia), nos Viernes Musicales C.C. Buenavista, nos Ciclos de Música Contemporánea de Málaga, Granada e Ávila, no Festival de Otoño (Auditorio de Cuenca), no Paralelo Madrid (Círculo de Bellas Artes), no Nits d'Aielo, na tempada de concertos do CDMC, nas Xornadas de Música de Ferrol e nas I Jornadas de Música Contemporánea de la Universidad Autónoma, ao tempo que realizaron xiras por España, Xapón e Italia e numerosísimos concertos pedagóxicos. Entre as súas últimas actuacións destacan o Concierto Aniversario do Auditorio Nacional de Madrid e o que lles dedicou no MMNCARS o CDN.M. Tamén os concertos monográficos de LL. Barber (Fundación M. Botín de Santander e Valencia), C. Galán (Madrid, Barcelona, Valencia, Salamanca e Murcia) e G. Fernández Álvarez (CDMC e Universidad de Valladolid); alén do dobre concerto no CARS-sobre Tápies-, da actuación na Residencia de Estudiantes e da presentación de 6 CD's para Fundación Autor e Several Records polo seu 15º aniversario. Cómpre destacar tamén a xira americana de 2008, que realizaron no 20º Aniversario e a gravación dun dobre CD monográfico para Verso.

Polo seu 25º Aniversario o grupo realiza unha xira no XXVI Festival Internacional de la Habana e de Trieste (con concertos en Cuba, Italia e Eslovenia) e estrean carpetas deseñadas por G. Torner. Cosmos 21 participa na estrea da ópera *Babel* no Teatro de la Zarzuela. Estrea



co acompañamento da ORCAM no Auditorio Nacional o *Concerto grosso para el cosmos*. Crea a tempada "Músicas del Cosmos" con ciclos en Madrid, Murcia, Córdoba, Salamanca, Cuenca e Sevilla. Dado o interese dos seus programas, Cosmos 21 gravou a case totalidade do seu repertorio para RNE, alén de 18 CD'S. Por mor do traballo rigoroso e a alta calidade dos concertos do Grupo Cosmos 21, son máis de trescentos os compositores españois e europeos que lles teñen dedicado e escrito expresamente as súas obras. O Grupo foi pioneiro en Europa en concibir o concerto como un espectáculo integral no que se teñen en conta aspectos non musicais, como o vestuario, o movemento escénico ou a luminotecnia, amais da preocupación polos concertos pedagóxicos e por dotar de forte carga comunicativa cada programa, prestando moita atención á maduración e presentación das obras. ●

Grupo Cosmos 21

SAB.7.OUT-20.30 h
CGAC



Carlos Galán, director

Concertinos cósmicos

Manuel Angulo	<i>Concertino para saxo</i> (2017)
Antón García Abril	<i>Concertino para violín</i> (2017)
Josep Soler	<i>Cuarteto</i> (2017)
Tomás Marco	<i>Materia cósmica</i> (2017)
Carlos Cruz de Castro	<i>Concertino para chelo y cinco instrumentos</i> (2017)
Rubén L. Someso	Obra de estrea absoluta*
Alfonso Romero	<i>KOS MOS, concertino para frauta</i> (2017)
Giampaolo Luppi	<i>Chemin, concertino para clarinete</i> (2017)
Carlos Galán	<i>Música Matérica L, op. 105, concertino para percusión</i> (2017)

*Estrea absoluta. Encargo do CNDM

No seu 30 aniversario, o Grupo Cosmos 21 presenta un programa eminentemente español cunha estrea absoluta encargo do CNDM e sete encargos do propio conxunto. O tema deste concerto introdutorio ás novas Xornadas de Música Contemporánea xira en torno aos concertinos cósmicos, unha ollada ao espazo con obras novas escritas por compositores nados nas décadas dos trinta, corenta, cincuenta, sesenta e setenta: medio século concentrado nunha tarde na que o propio director do conxunto, Carlos Galán, presentará o seu último traballo.

Grupo Instrumental Siglo XX

Está integrado por instrumentistas solistas da Orquestra Sinfónica de Galicia que proceden de máis dunha decena de países diferentes e que contan cunha dilatada experiencia e un extenso labor profesional de altísimo nivel neste eido. O número de intérpretes varía en función das obras do programa que se interpreta. Outro fin da súa intensa e ampla actividade é a sensibilización da mocidade co fascinante mundo da música contemporánea. A través dos concertos didácticos *Os nenos e a música moderna*, das conferencias-concertos ou clases abertas que programan, o público máis novo achégase con naturalidade e sen complexos á música de Stravinski, Berio ou Xenakis. O Grupo Instrumental Siglo XX participou en diversos certames nacionais e internacionais como os festivais de música da Coruña (Festival Mozart), Santiago de Compostela, Salamanca, Bilbao (Festival de Música del Siglo XX), Madrid (CDMC), Bienal NMK de Durrës (Albania), Verona (Italia), Remusica (Kosovo), etc., e neles obtivo as mellores críticas e fervorosos aplausos



do público. Algúns dos seus concertos foron gravados pola Radio Clásica Radio Nacional de España e transmitidos por La2 e Canal Internacional de TVE. O Grupo está aberto a novos proxectos e espazos e combina a música nova coa poesía, teatro, danza, vídeos e artes plásticas. Das súas publicacións destacan o CD *Manuel Balboa- Obra completa para conjunto instrumental* (Verso), o DVD *O arame*, ópera nun acto de Juan Durán, e o CD coas obras gañadoras do XXIII Jóvenes Compositores 2012 Fundación Autor- CNDM. ●

Grupo Instrumental Siglo XX

SAB.14.OUT–20.30 h
Igrexa da Universidade

Florian Vlashi, violín
Caroline Bournaud, violín
Raymond Arteaga, viola
Ruslana Prokopenko, violonchelo

O cuarteto de corda contemporáneo en Galicia

Paulino Pereiro	<i>Cuarteto de corda núm. 6 Galatea</i> op. 189* (2009)
Antón de Santiago	<i>Ímola andando</i> * (2016)
Manuel Balboa	<i>Cuarteto-Homenaxe a E. M. Foster</i> (1989)
Jesús González	<i>Faro</i> * (2011)
Manuel Rodeiro	<i>Fragments de un mar de além...</i> (1992)

*Estrea absoluta

O Grupo Instrumental Siglo XX nace en 1996 por iniciativa do violinista Florian Vlashi como homenaxe ao século pasado, protagonizando máis de 84 obras dun repertorio que supera os 160 títulos. Porén, neste concerto centrarase en compositores galegos como Paulino Pereiro, en cuxo catálogo figuran obras escénicas e cinematográficas á marxe das sinfónicas e de cámara; Jesús González que, ao igual que Pereiro, pertence á Asociación Galega de Compositores; o prematuramente falecido Manuel Balboa; o polifacético Antón de Santiago e Manuel Rodeiro, compositor, escritor, profesor e fundador do Departamento de Música do Centro Galego de Arte Contemporánea.

Sigma Project

Sigma Project, máis que un cuarteto de saxofóns, é a materialización dun desexo cumprido, un vehículo imprescindible para a música instrumental do século XXI. Se o cuarteto de corda foi o instrumento por excelencia da música culta en séculos pasados, Sigma Project reivindica ese papel para o cuarteto de saxofóns na actualidade. Na súa xa dilatada traxectoria, o cuarteto realizou máis de 150 concertos en auditorios de medio mundo: Estados Unidos, Arxentina (Teatro Colón), México (Palacio de Bellas Artes), Chile, Alemaña, Escocia, Francia, Italia, Polonia e Romanía.

Os seus compoñentes séntense imaxinativos exploradores, capaces de estimular aos compositores que se achegan ao seu son, xerando novas gramáticas nun verdadeiro laboratorio sonoro, como o fan os proxectos desenvolvidos con Alberto Posadas (ciclo Poética del Laberinto) e José María Sánchez-Verdú (ciclo KHÓRA). Esta dinámica ten xerado máis de 40 estreas absolutas dos compositores máis importantes do panorama internacional e desenvolvido proxectos multidisciplinares con outras artes: vídeo, danza, literatura, teatro ou pintura. No eido discográfico, Sigma Project

aporta o seu propio selo, Sigmarecords, co que edita o CD *Utopías: New Music fo Saxophone Quartet* e o DVD *La Música para Saxofón* de Félix Ibarrondo. En 2017, Sigma Project presenta a estrea absoluta de seis novas obras de Alberto Posadas e Helga Arias (España), Hilda Paredes e Javier Torres-Maldonado (México), Simone Movio (Italia) e Rodrigo Lima (Brasil) na súa xira de concertos polos auditorios de Santiago de Compostela, Madrid, Bilbao, San Sebastián, Badaxoz e Sevilla, así como en Bos Aires (Teatro Colón e Auditorio CCK), Santiago de Chile (Auditorio GAM) e Cidade de México (El Colegio Nacional). Sigma Project desenvolve a súa actividade co apoio do Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música, o Instituto Etxepare da Eusko Jaurlaritz (Goberno vasco) e a casa alemá Ernst Von Siemens Musikstiftung. O cuarteto emprega instrumentos SELMER, accesorios VANDOREN e conta coa asistencia técnica de PUNTO REP. ●



Sigma Project

VEN.20.OUT–20.30 h

Igrexa da Universidade

Lecturas diferenciadas

Georg Friedrich Haas	<i>Saxophone Quartet</i> (2014)
Peter Eötvös	<i>Lectures différentes</i> (2015)
Hilda Paredes	Obra de estrea absoluta*
Alberto Posadas	<i>Knossos</i> (2016)
Jacobo Gaspar	Obra de estrea absoluta**

*Estrea absoluta. Encargo do Sigma Project

** Estrea absoluta. Encargo do CNDM

Obras recentes, por non dicir novas, de cinco compositores internacionalmente consolidados e procedentes de diferentes países conforman o núcleo deste concerto protagonizado polo cuarteto de saxofóns Sigma Project. Os seus máis de 150 concertos en medio mundo curtiron este grupo que reivindica para si o papel que tivo o cuarteto de corda en séculos pasados. Ás catro obras citadas hai que sumarlle o encargo do CNDM ao compositor de Mos (Pontevedra), Jacobo Gaspar, cuxo interese se centra no uso de toda a materia sonora, o que o levou a desenvolver modelos extraídos mimética ou simbolicamente da contorna natural.

Magdalena Llamas

Mezzosoprano andaluza, cursa estudos de canto e piano no Conservatorio Superior de Música de Granada e na Escuela Superior de Canto de Madrid. Múdase despois aos Estados Unidos, e finaliza os seus estudos operísticos co mestre Carlos Serrano na Academy of Vocal Arts de Filadelfia e coas sopranos Sharon Sweet, Fedora Barbieri, Jessye Norman e Shirley Verrett, para completar a súa formación operística en The Juilliard School of Music de Nova York. Ao longo da súa traxectoria, recibiu numerosos galardóns e recoñecementos, como o primeiro premio do Visconti Competition, a Portland Opera Fellowship, o primeiro premio do Elsie Hilliard Hillman, o Westminster Competition ou o primeiro premio do Rossini Competition.

Interpretou, entre outros, o papel principal de *Luisa Fernanda* no Lincoln Center de Nova York, e tamén roles como os de Romeo, Desdemona, Badessa, Maddalena, Adalgisa, Leonora, Flora, Rosina, Clarina, ou a Nai en *Amahl and the Night Visitors*, que a levaron por diferentes cidades como Nova York, Os Ánxeles, Chicago, San Francisco, Nova Jersey, Arizona, Houston, Miami, Praga, Roma, Milán, Lago di Como, Nápoles, Filadelfia e Washington DC. Participou tamén en diferentes festivais, como os de Miami, Porto Rico, Washington DC, Filadelfia, Xénova, Nantes, Nápoles, Lago di Como, Milán, Roma, Kassel ou Berlín. Na súa faceta como concertista, presentou xa catorce programas diferentes na sala de concertos do Carnegie Hall e noutras tan prestixiosas como o Guggenheim Museum de Nova York, King Juan Carlos I Center de Nova York, Kimmel Center for the Performing Arts de Filadelfia, The John F. Kennedy Center for the Performing Arts de Washington D.C., a Metropolitan Opera, a New York City Opera, o Auditorio Nacional de Música de Madrid, o Irving Auditorium de Filadelfia, o Auditorium Marianum de Polonia, o Pontificio Instituto de Música Sacra del Vaticano, o CAMI Hall, o Merkin Hall, o Alice Tully Hall de Nova York e a Konzerthaus de Berlín.

Traballou tamén un extenso repertorio de oratorios, con composicións de Bach, Haendel; Pergolesi, Boccherini, Rossini, Dvorak, Mozart, Verdi, Fauré, Brahms, Beethoven, Vivaldi ou Mendelssohn. Vén de presentar unha xira de concertos co programa *Falla y el flamenco*, coa orquestra St. Luke's e o coreógrafo Ramón Oller na Brooklyn Accademy of Music (BAM) e no Sydney Harman Hall de Washington. Comparte coa JONDE xira por Santiago de Compostela, Kassel e Berlín. No presente ano, participará en concertos organizados pola Embaixada de España en Chicago, Praga, Nova York, Washington, Boston, Albuquerque, Os Ánxeles e San Francisco. Actuará nas óperas *Aida*, *Norma*, *Don Carlo*, *Così fan tutte* e *Carmen*, así como no *Rèquiem* de Verdi coa Sinfónica de Roma no Vaticano, Roma, Nova York e Washington.

Luis Fernando Pérez

Nace en Madrid en 1977. Estuda con Andres Sanchez-Tirado no Conservatorio de Pozuelo de Alarcón e obtén as máximas cualificacións. En 1993 ingresa na Escuela Superior de Música Reina Sofía, onde estuda piano cos profesores Dimitri Bashkirov e Galina Egyazarova, e música de cámara coa profesora Marta Gulyas. Continúa a súa formación na Hochschule de Colonia (Alemaña) con Pierre-Laurent Aimard e, posteriormente, con Alicia de Larrocha, Carlota Garriga e Carmen Bravo de Mompou na Academia Marshall de Barcelona, onde obtén o Máster en Música Española. Recibiu clases maxistras de mestres como Leon Fleisher, Andras Schiff, Bruno- Leonardo Gelber, Carmen Bravo de Mompou, Menahem Pressler ou Fou Tsong, e foi galardoado en numerosos concursos, como o de Ibla (Premio Franz Liszt-Italia) e o Enrique Granados de Barcelona (Premio Alicia de Larrocha). Imparte clases maxistras en Hungría, Francia, Portugal, Xapón, e diversas cidades españolas e é o Asistente da Cátedra de Música de Cámara na Escuela Superior de Música Reina Sofía. É profesor de piano na Academia Marshall en Barcelona, fundada por Enrique Granados, a quen sucederon na dirección Frank Marshall e Alicia de Larrocha. A súa carreira levouno por diversos escenarios de Europa, Asia e Estados Unidos. As súas interpretacións en todas as súas facetas, tanto en recitais, como en conxuntos de cámara ou con orquestra, foron acollidas calorosamente pola crítica e o público. Foi convidado por prestixiosos festivais como os de Schleswig-Holstein, La Roque d'Antheron, Festival Richter en La Grange de Meslay, Jacobins en Toulouse, Santander, Quincena Musical Donostiarra, Granada, Musika-Música de Bilbao, etc. Ten colaborado con orquestras como a Sinfónica de Barcelona e Nacional de Catalunya, a Real Filharmonía de Galicia, a Sinfónica de Bilbao, a Sinfónica del Principado de Asturias, a Ensemble Orchestral de Paris, a Orchestra Ensemble de Kanazawa, a Orquesta de Cámara Franz Liszt de Budapest, a Orquesta de Cámara de Mannheim, Sinfonia Varsovia, a Orquesta Sinfónica de Euskadi, a Orquesta Sinfónica de Radio Televisión Española, ou a Orquesta Sinfónica de Castilla y León e con directores como José Ramón Encinar, Antoni Ros Marbá, Günther Neuhold, Wilson Hernanto, Kazuki Yamada, Jean-Jacques Kantorow, Peter Fraas, David Lockington, Enrique García Asensio, e Carlo Rizzi, entre outros. Tamén colaborou como músico de cámara cos violonchelistas Adolfo Gutiérrez, Henri Demarquette, o Cuarteto Arriaga, Cuarteto Enesco de Paris, Cuarteto B. Bartok, Cuarteto Modigliani e co Cuarteto Artis de Viena. ●



Magdalena Llamas

Mezzosoprano

Luis Fernández Pérez

Piano

SÁB.21.OUT–20.30 h
Paraninfo da USC

O triángulo das musas

Xavier Monsalvatge
José Luis Turina

Cinco canciones negras (1945)
El guardián entre los pinos (2011)
Cinco canciones verdes (2017)*

Juan Montes Capón

Negra sombra
Lonxe da terraña
O pensar do labrego

Juan José Castro “Chané”

Cantiga
Os teus ollos
Un adiós a Mariquiña

Jose Baldomir

Como foi?
Maio Longo
Soedades

Rosendo Mato Hermida / Juan Durán

Lela

*Estrea absoluta

Cos premios dos concursos de Visconti, Elsie Hilliard Hillman, Westminster e Rossini no peto e tras concluír os seus estudos de canto na Juilliard School of Music de Nova York, a mezzosoprano andaluza Magdalena Llamas non deixou de actuar en teatros de ópera e auditorios de sona internacional. Ofrecerá xunto ao pianista madrileño Luis Fernando Pérez un recital con cancións compostas nos séculos XIX, XX e XXI. Non podía faltar neste *Triángulo das musas* unha estrea absoluta, concretamente o das *Cinco canciones verdes* de José Luis Turina.



Banda Municipal de Música de Santiago

A Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela é unha das máis antigas de Galicia, xa que nace en 1849 como agrupación de afeccionados ata que en 1876, en mans do Concello, comeza a se profesionalizar. As súas actividades máis importantes eran os concertos, denominados paseos, na Alameda ou na Rúa do Vilar, as festas da cidade, as procesións de Semana Santa e os seus concertos, no Teatro Principal na temporada de inverno e na rúa do Vilar na de verán. Estes actividades seguen a celebrarse na actualidade, e inclúen ademais concertos didácticos, intercambios culturais e actos protocolarios do Concello. ●



Banda Municipal de Música de Santiago

DOM.22.OUT–20.30 h
Teatro Principal

Casiano Mouriño Maqueira, director

De blues e danzas

Glen Miller

Alfred Reed

Frank Ticheli

Antonín Dvorák

Hidas Frigyes

Glen Miller in concert (Arranxos de Paul Murtha)

Second Suite for Band (1978)

Blue Shades (1997)

Danzas eslavas, op. 46 (1878)

Coriolanus. Ballet-suite para banda (1980)

A Banda Municipal convértese nestas Xornadas de 2017 en centro de encontro da tradición musical de América e Europa no que respecta á música de danza. A pegada norteamericana coas Big Bands, o blues ou o jazz conflúe coa de América Latina e os seus sons, tangos e guarachas, que se confrontan coa danza e o ballet centroeuropeo baixo un nexo común: o transvase cultural e a contemporaneidade.



Real Filharmonía de Galicia

Cinquenta músicos de diferentes nacionalidades achegan cada tempada a súa experiencia, formación, tradición musical, esforzo e ilusión para ofrecer ao público propostas sorprendentes. Coa orquestra colaboran de maneira habitual directores e solistas de recoñecido prestixio nacional e internacional, apostando por figuras consagradas e tamén por novos e destacados músicos do panorama musical. O seu director titular e artístico é o mestre Paul Daniel, mentres que Maximino Zumalave exerce como director asociado e Jonathan Webb como principal director convidado. A orquestra, xestionada polo Consorcio de Santiago, naceu en 1996 a iniciativa da Xunta de Galicia e ten como sede permanente o Auditorio de Galicia.

Paul Daniel

Director titular e artístico da RFG tamén é director musical da Orchestre National Bordeaux Aquitaine. Foi principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth, director da English National Opera e da Opera North, amais de director principal da Opera Factory. Traballa coas máis destacadas orquestras e compañías operísticas internacionais: Royal Opera House Covent Garden, Bayerische Staatsoper e Metropolitan Opera de Nova York, dirixindo *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* na English National Opera; *Gloriana*, no Covent Garden; *Lulu* en La Monnaie; *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* na Opéra National de Paris; *Os Troianos*, na Deutsche Opera de Berlín ou *A Village Romeo and Juliet* na ópera de Frankfurt. Ademais dos seus concertos coa RFG e a Orquestra Burdeos, dirixirá a Filharmónica

da BBC, a Royal Philharmonic, a Sinfónica de Hamburgo, a Orquestra da Radio de Múnic, a Tapiola Sinfonietta, a Australian National Academy of Music, a National Youth Orchestra e participará no Festival de Bregenz. Entre as súas gravacións destaca o seu CD coa *Sinfonía núm. 3* de Elgar e o DVD de *Lulu* en La Monnaie coa soprano Barbara Hannigan. En 1998 recibiu o Premio Olivier pola súa dedicación á ópera e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

Matthieu Arama

Comeza os seus estudos aos seis anos e debuta como solista aos once na Sala Gavea de París. Estuda no Conservatorio desta cidade e obtén o Primeiro Premio no 2000, ano no que é aceptado como alumno de Igos Oístrakh no Conservatoire Royal de Bruxelas. Gañou premios nos concursos de Montreal, Benjamin Britten, Shlomo Mintz, Yamaha Music Foundation, entre outros. Como solista, actuou no Barbican Center, a Place des Artes de Montreal, o Tchaikovsky Concert Hall ou a Opéra National de Burdeos e tamén con orquestras como as Sinfónicas de Londres, Montreal e Lituania, a Royal Philharmonic, Ópera e Ballet de San Francisco, Orchestre National Bordeaux Aquitaine dirixido por Andrew Davis, Paul Daniel, Asher Fish, Roberto Benzi, Shlomo Mintz, Marco Parisotto ou Kwamé Ryan. Os seus concertos foron retransmitidos por Radio Canadá, CBC, France Musique, Radio Classique, Francia Bleu, Radio Suisse Romande, entre outros. Matthieu Arama toca un violín Guarnerius "Duc de Crémone" cedido pola Asociación Zilber-Vatelot-Rampal. ●

Real Filharmonía de Galicia

XOV.26.OUT–20.30 h
Auditorio de Galicia

Paul Daniel, director
Matthieu Arama, violín
Pablo Reboleiro, malabarista

Neoclasicismo actual

Eduardo Soutullo *Jobs and gates at dawn (and other uchronias)* (2016)
Igor Stravinski *Concierto para violín e orquestra en re maior* (1931)
Lotta Wennäkoski *Jong. Música para malabarista e orquestra de cámara** (2012/2013)
Magnus Lindberg *Feria* (1997)

*Estrea en España

VEN.27.OUT–18.30 h
Auditorio de Galicia

Paul Daniel, director
Matthieu Arama, violín
Pablo Reboleiro, malabarista

Descubre unha orquestra para ti, a túa!

Igor Stravinski *Concerto para violín e orquestra en re maior* (1931)
Lotta Wennäkoski *Jong. Música para malabarista e orquestra de cámara** (2012/13)

*Estrea en España

O director titular e artístico da RFG, Paul Daniel, adéntrase nun programa sinfónico formado por *Jobs and Gates at Dawn* de Eduardo Soutullo, o *Concerto para violín* de Stravinski e a estrea en España de *Jong*, a obra para malabarista e orquestra da finesa Lotta Wennäkoski. Á primeira as obras, estreada en 2016 pola Orquesta Ciudad de Granada, súmase un bo exemplo do estilo neoclásico, con harmonías, motivos e figuras de violín características deste curto pero frutífero período do compositor ruso. A obra de Wennäkoski vén marcada por timbres transparentes e prodixiosos glissando. O programa péchase con *Feria*, título orixinal dunha peza na que o finés Magnus Lindberg fai gala de sons exuberantes e festivos.



Paulo p.

Licenciado pola Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo do Porto (Portugal). Licenciado en Historia e Ciencias da Música; titulado en Educación Musical pola Universidade de Vigo e diplomado co Título Profesional de Gaita no Conservatorio Profesional de Música da mesma cidade, cursa, na actualidade, a licenciatura en Historia e Ciencias da Música da Universidad de La Rioja. Ten estudado cos mestres. P. Holtslag, K. Boeke, S. Henstra, P. Couto Soares, P. Monteilhet, P. Silva e J. Ogg.

Director e frautista do grupo *Amar contra o silencio*, dirixido á interpretación de música medieval, a súa traxectoria musical inclúe tamén interpretacións en solitario ou en colaboración con outros grupos, ben na presentación de programas de música antiga ou contemporánea, ben na participación de proxectos discográficos que inciden tanto no repertorio historicista como no contemporáneo. Forma parte do consort de frautas *A imagem da melancolia*, con dous discos editados nos selos Challenge Classic e Engenho das Ideias/Phone edition. Algunhas das súas composicións foron gravadas nos CD's *Haitea entzuten/Escuchando el viento*; *Esperanza* (X.L. Miguélez) e *Musgañol, gaita y piano*. As súas obras *Nove canções do Mimo morto* e *umha cançom de amor*, foron editadas pola editorial de música Dos Acordes.

Berta Fresco

Naceu en Getxo e cursou os primeiros estudos no Conservatorio de Leioa. Realizou o grao superior no Conservatorio de Vitoria con A. Neto, onde conseguiu o Premio de Honra Fin de Carreira, e un posgrao de piano na Royal Academy of Music con C. Elton. No Conservatorio de Utrecht, estudou co profesor D. Kuijken e clave con M. Visser. Recibiu clases maxistras de F. Gevers, A. Cano, J. Achúcarro, E. Jiménez, E. Kolodin, J. Wijn, A. Jazsinsky, J. Gruithuyzen e M. Perahia. Recibiu premios nos concursos de Gernika, Else Cros, Lilian Davies, Albacete e Donosti. Actualmente, compaxina a súa actividade concertística –recentemente ofreceu concertos en Perú e México– co labor como profesora de piano no Conservatorio Profesional de Música de Vigo. ●



Paulo P

Gaita

Berta Fresco

Piano

VEN.27.OUT-20.30 h
Paraninfo da USC

A Gaita

Jesús González

Antón Pulido

Marta Lozano

Paulo p.

José Luis Sánchez

Paulo p.

Cantiga (2011)

*Fonte dos namorados** (2017)

Samsara (2017)

Degoiro de Sarah Kane (2011) fragmentos

*Aqua**(2017)

Contorno #1 (2008)

*Estrea absoluta

Este concerto quere expresar con claridade aquilo polo que loita o compositor e gaiteiro Paulo p., a saber, que a técnica e capacidade expresiva do seu instrumento son perfectamente adaptables á música de hoxe. A proba está nas cinco pezas do programa, todas elas do século XXI, unha ocasión máis entre moitas nas que Paulo p. presenta en solitario ou acompañado pezas novas, non poucas escritas para el.



Vertixe Sonora Ensemble

Colectivo flexible que integra a destacados solistas de música contemporánea de Galicia e Portugal, Vertixe Sonora Ensemble favorece un espazo aberto á reflexión, discusión e intercambio no campo da música contemporánea. Está formado por artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente de do teatro e a danza cunha vontade común por desenvolver propostas musicais que teñan unha perspectiva artística global e que atopen na busca da excelencia artístico e no forte compromiso coa música e os creadores do noso tempo a súa razón de ser. Xorde para favorecer a creación de producións musicais de actualidade, manter unha estrutura estable de encargos e dinamizar o espectro sonoro contemporáneo dende o vértice peninsular dunha forma que

resulte significativa a nivel internacional. A partir dunha conciencia da multiplicidade no achegamento ao sonoro establece un constante diálogo e interacción co pensamento, a ciencia, a tecnoloxía e outras formas artísticas dende unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión nin ao espírito de vangarda. ●

Vertixe Sonora Ensemble

SAB.28.OUT-20.30 h
CGAC

Felipe Agell, clarinete
Pablo Coello, saxofón
Roberto Alonso, violín
Thomas Piel violonchelo
Carlos Méndez, contrabaixo
Rubén Barros, guitarra eléctrica
David Durán, piano
Diego Ventoso, percusión
Ángel Faraldo, electrónica, difusión multimedia

4VEV - Visiones de Ensemble y Vídeo

Daniel Zea	<i>Desplazados*</i> (2016), para catro intérpretes, electrónica e vídeo xerado en tempo real
Yiannis Kyriakides	<i>The arrest*</i> (2010), para ensemble, cinta e vídeo
Simon Steen-Andersen	<i>Study for String instrument #3*</i> (2011), para violonchelo e vídeo
Igor C. Silva	<i>Smart-alienation*</i> (2016), para ensemble, cinta e vídeo

*Estrea en España

Vertixe Sonora Ensemble presenta o seu rechamante proxecto de *4VEV (cuatro visiones de ensemble y vídeo)*: catro obras moi diferentes que exploran os espazos de convivencia entre música e vídeo. Non se trata tanto de categorizar as diferentes opcións que brinda este cruce de artes, senón de procurar propostas que transcendan as convencións, ben sexa pola formulación sonora ou visual, ou pola relación entre ambas. *Desplazados* do colombiano Daniel Zea, *The Arrest* do chipriota Yiannis Kyriakides e *Smart-alienation* do portugués Igor C. Silva representan estras en España, xunto a unha versión inédita do *Study for String instrument #3* de Simon Steen-Andersen.



Grupo de percusión do Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes

Este grupo de percusión está formado por estudantes de percusión do Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes, e desenvolve a súa actividade no marco das clases de conxunto deste centro. A formación do grupo é flexible e adáptase ás diferentes necesidades de cada un dos proxectos levados a cabo.

Grupo de danza contemporánea do Conservatorio de Danza Profesional de Lugo

Este grupo de danza está formado por alumnas de grao profesional da especialidade de danza contemporánea do Conservatorio Profesional de Danza de Lugo. Desenvolven a súa actividade no marco das clases deste conservatorio baixo a dirección académica e artística das profesoras do centro. A formación do grupo é flexible e adáptase ás diferentes necesidades de cada unha das coreografías propostas.

Yano Yoro (Susana Llorente)

Comeza os seus estudos de arte oriental en Madrid en 1992. O seu interese pola filosofía Zen lévaa ao encontro coa pintura á tinta Sumi-e (corrente xaponesa empregada na pintura Zen). Tras varios anos de estudo e disciplina nesta materia, emprende un novo camiño coa práctica da caligrafía e da pintura chinesa, fonte primixenia na arte da contemplación e de trazo único. Yoro foi discípula do mestre Li-Chin Pang, entre outros.

En 2009 trasládase a Muxía. A forza e a beleza desta nova contorna, serviu de detonante que a impulsou a se embarcar nunha nova obra persoal xa co pseudónimo de Yano Yoro. Nela emprega como soporte principal a tinta, o papel de arroz, a seda e as graxas ao lume sobre cerámica e porcelana. De clara influencia oriental, a súa obra evoca a esencia da paisaxe convidándonos a redescubrila dende a perspectiva dunha ollada interior. A simplicidade do seu xesto e a súa paleta practicamente acromática conseguen conectar coa emoción e o sentimento místico que produce a súa contemplación. ●

Grupos de Danza e Percusión de Lugo

DOM.29.OUT–12.30 h
Auditorio de Galicia–Sala Mozart

Grupo de Danza Contemporánea do Conservatorio Profesional de Danza de Lugo
Grupo de Percusión do Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes de Lugo

Silvia Victoria Eijo, coreografía
Alba Felpete, coreografía
Ana Belén Ferreiro, coreografía
Reyes González, coreografía
Julia Penado, coreografía
Xiana Vilas, coreografía
Yano Yoro, pintura
Diego Ventoso, dirección musical

Six Japanese Gardens

Obras de Kaija Saariaho, Chris Hatzis, Luis Antunes Pena, Pablo Beltrán e John Luther Adams.

A fascinación de Occidente polas expresións da cultura oriental e polas correntes filosóficas que nela xurdiron data de tempos inmemoriais e serviu de inspiración a moitos compositores europeos ao longo dos séculos.

Six Japanese Gardens é un espectáculo de música, danza e pintura en vivo inspirado e concibido a partir dun dos símbolos máis significativos da cultura xaponesa: o círculo. Alegoría da iluminación, da forza, da elegancia, do universo ou do baleiro, permite construír un relato no que cada peza parece agromar da anterior, nun proceso permanente que non é de alienación, senón de desfiguración ou transformación continua e na que, como no trazo que pecha o círculo, a última peza parece finalizar no mesmo punto no que comezou a primeira.

Vox Stellae

Nace en 2003 con motivo dunha conferencia do musicólogo José López Calo sobre a música na Catedral de Santiago. Unha das súas sinais de identidade é a difusión da música galega, tanto a dos arquivos das catedrais como a creación contemporánea e a música popular. Ofrece concertos por toda a xeografía galega, participa en actos institucionais e interpreta o seu programa didáctico *O rodaballo con botas* ante máis de 2000 escolares. Actúa en diversas tempadas de abono e festivais: Vía Stellae, Espazos Sonoros, De lugares e Órganos, Xornadas de Música Contemporánea de Compostela, Semana de Música de La Laguna, Outono dos sentidos na Ribeira Sacra, Festival Provincia de Palencia, Ciclo de Música Sacra de Castilla y León, Jornadas Jacobeas Internacionais, Ciclo de Música Religiosa de Barcia de Mera, ou Festival de Música Religiosa de Guimarães, entre outros. Vox Stellae colabora con agrupacións e solistas como a Orquesta de Cámara de Tenerife, Orquesta de Cámara Galega, Finis Terrae Brass, Os Menestreis de 1500, Taller Atlántico Contemporáneo, Cristina Pato, Joaquín Barreira, Manuel Vilas, Juan Manuel Varela, Fernando Buíde, Uxía Senlle, Joao Afonso ou o dramaturgo Maximino Queizán. Entre o seu amplo repertorio destacan a estrea en España da *Misa en Sol a Santiago de Compostela* (A. Tucapsky), as re-estreas de *Pregaria* (J. Baldomir) e a *Misa en do maior* (Fray R. Salvado), a recuperación da *Missa Rodericus Cardinalis* (C. de Medrano) ou a estrea en Galicia de *Rothko Chapel* (M. Feldman). Dentro do proxecto de recuperación do patrimonio musical da Catedral de Tui, editou dous discos con música de Matías García Benayas (1737) e outros autores do arquivo tudense: *Defensor alme Hispaniae* (2013), que recibiu o *Melómano de Oro* (outubro 2015) e *Salvete Flores* (2016).

Luis Martínez

Nacido en Vigo, estudou piano e linguaxe musical nos conservatorios de Santiago e Vigo. É mestre especialista en Educación Musical e Licenciado en Pedagogía pola SUC. Asistiu a aulas de perfeccionamento en diferentes ámbitos da análise e interpretación musical con mestres da talla de Miro Moreira, Dominique Velard, Pier Paolo Scattolin, Daniel Vega, Owen Reese, Peter Philips, Artur Carneiro, Constantin Alex, Bernd Valentin, Tu Shi Chiao, J. Carlos Rodilla, J. López Calo, Carmen Cruz ou Mercedes Padilla. É membro do Orfeón Terra a Nosa e a Capela da Catedral de Santiago, agrupacións coas que participou como solista en múltiples concertos e rexistros discográficos. Colabora con agrupacións como Capela Compostelana, Capilla de Extravagantes, Capela Lauda Sion, Grupo Siglo XX ou Hércules Brass. Como actor e recitador, interpretou a *Historia do Soldado* (I. Stravinski) e participou na estrea absoluta de *Enigmas da temporalidade* (J. Vara) coa Real Filharmonía de Galicia. No ámbito da musicoloxía, colabora con Joám Trillo na edición da música do arquivo da Catedral de Tui. ●

Vox Stellae

VEN.3.NOV–20.30 h
Igrexa da Universidade

Luis Martínez, director
Ana Pazos, fliscorno
Marcos Mato, marimba

Sede de Beleza

Joám Trillo

Ingemisco (1971)
Madrigale Arcaico (1975)
O Verme i a Estrela (1975)
Itinerarium Crucis (2011)

Marcos Mato

*Tres imaxes de Santiago** (2017)

*Estrea absoluta

O compositor, director de orquestra, musicólogo e pedagogo Joám Trillo é unha das figuras máis relevantes da música galega dos últimos 50 anos. Este concerto recolle algunhas das súas composicións corais máis importantes, editadas polo antigo IGAEM nun caderno titulado *Sede de Beleza*. A maioría delas son de finais dos anos 70 e principios dos 80, e foron revisadas polo autor para a publicación do caderno en 2007. Mención aparte merece o *Itinerarium Crucis*, obra encargo da catedral de Santiago en 2011 para o seu oitavo centenario. Pecha o concerto a estrea absoluta dunha peza para coro e marimba de Marcos Mato, percusionista, compositor e alumno de Joám Trillo.



Zoar

É un conxunto de cámara estable e activo, con formación de quinteto de vento clásico. Xuntos dende 2009, os seus compoñentes teñen actuado nalgúns dos máis representativos escenarios galego como Teatro Colón e o Centro Ágora na Coruña, o Teatro Jofre de Ferrol ou a Cidade da Cultura en Santiago de Compostela. Zoar participou en acontecementos culturais de importancia como a entrega de Premios da Cultura Galega, ou o LVI festival da Ópera da Coruña, o Ciclo de Outono do Museo de Belas Artes da Coruña ou Ciclo Músicas da Ilustración, en Ferrol. Ofrecen propostas orixinais, con músicas actuais ou descoñecidas, colaboran con outros músicos e cantantes e interaccionan con outras disciplinas artísticas: Títeres Cachirulo, Manuel Rivas, Monicreques de Kukas, Lytos, Alfonso Rivera, Xiana Vilas ou Ana Inés Jabares. Unha das súas principais inquietudes é o apoio á nova creación, que desenvólven a través da aportación de novidades ao repertorio tradicional e da dinamización da vida musical. Proba diso son

as estreas realizadas de compositores como Gabriel Bussi, Xabier Mariño, Óscar Álvarez, Juan Durán, Paquito D'Rivera, Federico Mosquera, Fernando Buide, así como a actual de Óscar Navarro. Así mesmo complementan a súa actividade artística coa pedagóxica e exercen como profesores convidados a encontros de Orquestra Clásica de Xove e da Jove Orquestra Nacional de Catalunya. ●

Zoar

SAB.4.NOV–20.30 h

Paraninfo da USC

Nas marxes do pentagrama, á beira do Prata e o Mandeo

Carlos López García-Picos *Preludio, Zarabanda e Fuga*, A. 15 para cuarteto de madeiras (1955)
Scherzo para trío de cañas, A. 17 para trío de cañas (1956)
Rondó caprichoso, A. 50 para quinteto de vento (1988)
Serenata, A. 13 para quinteto de vento* (1954)
Preludio e tema con variacións. A. 20 para quinteto de vento (1957)
Canto do arrieiro, A. 24 para quinteto de vento (1966)

*Estrea en España

Nas marxes do pentagrama, á beira do Prata e o Mandeo é unha viaxe pola vida e obra do compositor Carlos López García-Picos, unha recuperación do patrimonio musical galego do século XX. Unha vida vivida en cinco etapas, como o propio López García-Picos describe: o nacemento en Betanzos (1922), o exilio arxentino (1939), a etapa parisina entre 1957 e 1964, o regreso a Bos Aires e por último, a volta a Betanzos (1984). Grazas ao pianista e divulgador da súa obra Javier Ares Espiño, o programa céntrase no repertorio para instrumentos de vento, composto entre 1953 e 1999.

Taller Atlántico Contemporáneo (TAC)

O TAC recibe en 2013 o Premio da Crítica Galega polo seu proxecto *Os Seráns do TAC* e o Premio na categoría de Música Clásica e Contemporánea nos Primeiros Premios Galegos da Música. Iniciou a súa andadura en 2010 na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela coa obra de Mauricio Kagel *Eine Brise*, para 111 ciclistas. Reivindica dende o principio a proximidade da música contemporánea para calquera tipo de público e a posibilidade de facer concertos introducindo novos elementos. Ese mesmo ano, cun piano de cola no faro de Fisterra interpretou integramente a obra de Satie *Vexations*, 18 horas ininterrompidas de piano coa colaboración de 27 pianistas. Xunto a este tipo de repertorio, abordou no CGAC un ciclo de seis concertos dedicados á música de compositores galegos e escritos para diversas formacións e no 2011 continuou cun ciclo de tres concertos que chegou ao público unha mostra do repertorio de fóra das nosas fronteiras dende mediados do século XX até a actualidade con obras de Crumb, Schnittke e Berio. En xullo, actuaron no Via Stellae con Siniestro Total nun concerto conxunto (*Land Of Opportunity*) onde tocaron música da formación viguesa arranxada por Javier López de Guereña. Ao longo de 2011 organizaron na Cidade da Cultura, *Os Seráns do TAC* que incluía música contemporánea, humor e gastronomía. O TAC é un grupo estable, de formación aberta e ten como director artístico a Diego García Rodríguez.

Laura Iturralde

VJ, escenógrafa, fotógrafa e iluminadora. Técnica Superior en Imaxe e en Gráfica Publicitaria. Desenvolve a súa actividade profesional en diversos ámbitos como a escenografía, iluminación, escaperatismo, vídeo arte e deseño gráfico. Na actualidade traballa coa banda musical Trilitrate como VJ e en diversas compañías teatrais como técnica de iluminación. Entre os seus últimos traballos destaca o deseño de escenografía e iluminación da produción teatral *Matanza de Triatros*, a escenografía da produción teatral *A idade da Pavia* de Sarabela Teatro, a iluminación da opereta-clown *Barbazul* de Borja Fernández. Iturralde foi tamén VJ coa Orquesta da Metamovida 2014, deseñou a iluminación da produción de *Gañaremos o pan coa suor da túa fronte* da Compañía Tripalium e ideou a escenografía, iluminación e vídeo creación de *Gañes d'udolar/ Ganas de ouvear*, co-produción do CDG co Teatre Nacional de Catalunya. En 2014, foi gañadora dunha axuda INJUVE polo proxecto *Bóreas*.



Diego García Rodríguez

Os seus compromisos como director invitado comprenden orquestras, teatro de ópera e festivais estatais e europeos. A Real Filharmonía e a Orquestra Sinfónica de Galicia, as orquestras de Castela e León, Principado de Asturias e Estremadura, Orchestre des Pays de Savoy, a Akademicka Orkiestra Bydgoszcz ou a Orquestra Nova da OSG, son algunhas dos máis destacados. No ámbito operístico debutou como director musical no Teatro Real de Madrid con *Hansel und Gretel* de E. Humperdinck, *Rigoletto* na tempada Outono Lírico 2017 da Asociación de Amigos da Ópera de Vigo, *Carmen* de G. Bizet en Ópera Bałtycka (Gdansk/Polonia), a dirección musical da tempada 2015 da compañía donostiarrá Opus Lírica cos títulos *O barbeiro de Sevilla* de Rossini e *Rigoletto* de G. Verdi ou as estreas mundiais de *It makes no Difference?*, ópera de cámara de Simone Spagnolo no festival Tête à Tête dos Riverside Studios de Londres e *Die Traumende Knaben*, do compositor T. Rasch en Dartmoor así como a produción do CDG *A Ópera dos Tres Reis*. Foi director asistente no Liceu de Barcelona, Teatro Real de Madrid, Théâtre de Caen, Opéra Nantes-Angers, Opéra de Lausanne ou o Dartington Summer Festival cos mestres P. Daniel, J. Pons, N. Luisotti, D. Masson e N. Chalvin. É o director artístico e musical do TAC, no que desenvolve unha intensa actividade na difusión da música contemporánea e a súa relación con outras disciplinas artísticas a través d'*Os Seráns do TAC*, estreas de compositores actuais ou o proxecto *Land of Opportunity* con Siniestro Total e o compositor Javier López de Guereña. Co TAC presentouse no Auditorio Nacional de Madrid, a Semana de Música Religiosa de Cuenca e no Festival Internacional de Música e Danza de Granada, onde dirixiu estreas mundiais de K. Lang e S. Mariné. En 2013 o TAC recibiu os galardóns Premios de Crítica Galicia e o premio na categoría de Música clásica e Contemporánea nos Primeiros Premios Galegos da Música. Master en dirección de orquestra pola Zürcher Hochschule der Künste ampliou a súa formación con Diego Masson nas edicións 2009 e 2010 da Dartington Summer School e a London Sinfonietta seleccionouno para participar no seu primeiro programa de mozos directores en 2010. ●



Taller Atlántico Contemporáneo (TAC)

VEN.10.NOV-20.30 h
CGAC

Diego García Rodríguez, director
Laura Iturralde, vídeo creación

Álvaro Quintanilla, violonchelo solista
Ioanna Ciobotaru, viola
Luis Soto, frauta
Saúl Canosa, clarinete
Nicasio Gradaille, piano
José Vicente Faus, percusión

Anatomías musicais

Fernando Buide *Inger mi calices** (2017)
Maxwell Davies Vesalii *Vesalii Icons* (1969)

* Estrea absoluta. Encargo do TAC

O TAC presenta *Inger mi calices* escrita por encargo para esta ocasión por un dos compositores nacionais de máis grande proxección internacional, Fernando Buide. Esta obra preséntase como unha sorte de peza concertante para frauta solista e pequeno grupo instrumental. Utiliza a mesma formación instrumental que a segunda peza do programa: viola, violonchelo, frauta, clarinete, piano e percusión. A obra *Vesalii Icons* está inspirada nos debuxos que Vasilius fixo no século XVI para estudar a anatomía humana. Debuxos que ao compositor lle suxiren posturas corporais de Cristo durante o Via Crucis. O TAC conta para a interpretación desta obra coa colaboración da nova vídeo creadora galega Laura Iturralde.



Orquestra de Cámara Galega

Dende a súa fundación en 1995, a OSC ten levado a súa actividade musical polas principais salas de concerto. Entre elas destacan o Auditorio Reina Sofía de Madrid, o Palau da Música de Barcelona, a Sala Mozart do Auditorio de Zaragoza, a Real Maestranza de Sevilla, o Teatro Jovellanos de Xixón, o Palacio da Ópera da Coruña, ou o Auditorio de Galicia. No ámbito internacional, actuou en Viena, no Spanien Modern Musikfestival, Nova York, o Merkin Hall da Fundación Kaufman, en Bos Aires, no Teatro Metropolitan e en Holanda, Utrecht, Amsterdam, Middleburg e De Doelen Auditorium de Róterdam e Palacio Ducal de Génova. Colaborou con profesionais da talla de Teresa Berganza, Anthony Pay, Cecilia Lavilla, Ara Malikian, Juan de Udaeta, José Ramón Méndez, Juan Lomba, José Núñez e José Luís Estellés. Ademais das súas gravacións en directo para TVE, TVG e Radio Clásica, a OCGA gravou tres CD's. O primeiro publicado por Boanergies con música de Rakov, Elgar, Groba e Groba Otero, o segundo monográfico do compositor R. Groba co selo Autor no que destaca a primeira gravación do *Concerto núm. 2 para violonchelo e orquestra* interpretado por Clara Groba e o terceiro editado por Almaviva do Centro de Documentación Musical da Junta de Andalucía coa primeira gravación mundial en directo da ópera *Don Chisciotte* do compositor Manuel García, na Real Maestranza de Sevilla.

Rogelio Groba

Titulado Superior na especialidade de violín polo Conservatorio Superior de Música da Coruña e en Música de Cámara polo Conservatorio Superior de Música de Oviedo, proseguíu a súa preparación durante varios anos en Londres con Detlef Hann, profesor da Guildhall School of Music and Drama. En 1995, funda como director-concertino a Orquestra de Cámara Galega. En 2000, dirixe a gravación da súa propia obra, *Divertimento para cordas*, incluída no primeiro CD da formación, e en 2005 gravación dun segundo CD dedicado integramente á obra do seu pai, Rogelio Groba. Participou na recuperación e estreo da ópera *Don Chisciotte*, de Manuel García e na súa gravación, realizada en directo no Teatro da Maestranza de Sevilla. En maio de 2007 dirixiu á OCGA no Spanish Modern Festival de Viena onde obtivo grande éxito de público e crítica interpretando obras de compositores galegos, e en agosto nunha exitosa xira por Arxentina, preámbulo dunha serie de concertos realizados por toda Galicia e parte de España. En 2008, Groba dirixiu tamén a OCGA na súa debut en Nova York, no Merkin Concert Hall da Fundación Kaufman. En 2010 estivo á fronte da orquestra nunha xira por Holanda con actuacións en Utrecht, Amsterdam, S-Hertogenbosch e Middelburg, que concluíu no auditorio De Doelen de Róterdam, e que proseguíu no auditorio 400 do Museo Reina Sofía (Madrid) e o Palau da Música (Barcelona). Realizou gravacións para Radio Galega, TVG, TV3, TVE e RNE, e ademais de España, actuou en Portugal, Francia, Austria, Gran Bretaña, Arxentina, Chile, Uruguai, Colombia e Venezuela. Groba foi tamén director da Orquestra Sinfónica do Conservatorio de Música da Coruña. ●

Orquestra de Cámara Galega

SAB.11.NOV–20.30 h
Igrexa da USC

Rogelio Groba, director

Anatomías musicais

Rogelio Groba	<i>Catro microconcertos para violín y violonchelo</i> (1997) Obra de estrea absoluta* (2017)
Krzysztof Penderecki	<i>Drei Stücke im alten Stil</i> (1963)
Rogelio Groba Otero	<i>Divertimento</i> (2000)
Harald Genzmer	<i>Sinfonietta</i> , GeWV 106 (1953)

*Estrea absoluta

Fundada en 1995 por Rogelio Groba Otero e integrada por músicos formados en diversos conservatorios europeos, a Orquestra de Cámara Galega desenvolve unha intensa actividade cun repertorio que abrangue desde o Barroco até a música dos nosos días, con especial fincapé na galega. De feito, o seu director titular e concertino inclúe neste programa dúas obras do seu pai e unha súa. A estas tres acompañan *Drei Stücke malten Still* (Tres pezas en estilo antigo) de Penderecki, banda sonora de *El manuscrito encontrado en Zaragoza* del director polaco Wojciech Has, e a *Sinfonietta* de Harald Genzmer, cuxo estilo se define pola súa sinxeleza e doada asimilación.

Orquestra da Universidade de Santiago de Compostela

Nos seus inicios, a orquestra do Espazo de Cámara nace co obxectivo de difundir entre o público universitario e, por extensión na cidadanía de Compostela, un proxecto educativo e cultural onde o eixo fundamental é a música. Co patrocinio da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social, o grupo que conforma a Orquestra da Universidade de Santiago de Compostela, dirixida por Mario Diz, procura de xeito prioritario a formación musical dos seus membros que, semana tras semana, adquiren un maior compromiso co estudo e a difusión dos valores da música. Para este fin, conta e agradece todo tipo de colaboracións, que se van plasmando de formas diversas en cada proxecto. Desde 2010 a Orquestra da Universidade profundou en proxectos tan ilusionantes como o aniversario de Debussy co *Concerto de Arpa e Orquestra* do autor, interpretado pola solista Reis Gómez especialmente invitada para este evento, ou o *Concerto de violonchelo en re maior* de Haydn, interpretado por Carlos G. Amigo. Tamén o monográfico sobre Astor Piazzolla, o monográfico sobre a música galega no que o solista Gregori Nedobora interpretou o concerto do violinista galego Manuel Quiroga. Na tempada 2014-15 interpretou xunto ao coro vigués Gli Apassionati o *Magnificat* de J.S. Bach e o *Gloria* de Vivaldi. En colaboración co Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela realizou tamén unha versión do musical *Sweeney Todd* de Stephen Sondheim. A Orquestra participou nas Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela desde o seu inicio xunto a Sinfónica de Galicia e a Real Filharmonía de Galicia como unha das tres orquestras convidadas. Incorporáranse ao proxecto diversos profesores da Real Filharmonía de Galicia, así como profesores relevantes do ámbito musical galego. A Orquestra da USC foi incluída recentemente na rede de Orquestras Universitarias Europeas, ENUO, onde participan orquestras de máis de 28 nacionalidades de toda Europa.



Mario Diz

Desde 2010 é director do Espazo de Cámara da USC, proxecto que vincula aos estudantes universitarios con formación musical a través de diferentes actividades relacionadas coa mesma e que toma como eixe central a práctica orquestral. Discipulo do mestre Antón García Abril no ámbito da composición, exerce desde os últimos anos unha intensa actividade compositiva para diferentes agrupacións musicais profesionais e didácticas, entre as que cómpre destacar varias estreas absolutas nos últimos dous ciclos das Xornadas de Música Contemporánea e o encargo de tres pezas para banda por parte da Banda Municipal de Santiago de Compostela. Compuxo diferentes obras para multitude de formacións de música de cámara nas que ten unha mención especial a estrea e gravación por parte da laureada cantante Nuria Lorenzo do ciclo de cancións de berce *Tódolos nenos soñan*, para viola, arpa e mezzosoprano. É membro do equipo directivo da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela onde exerce como profesor de violín e viola. A súa paixón pola didáctica destes instrumentos reflíctese na súa recente publicación do libro *O meu primeiro violín* para iniciación ao violín en idades temperás, e en numerosos estudos comparados sobre as diferentes metodoloxías do ensino de corda friccionada. ●



Orquestra da Universidade de Santiago de Compostela

DOM.12.NOV-12.30 h
Igrexa da USC

Mario Diz, director
Pablo Sampedro, narrador

Anatomías musicais

Compositor/a por determinar Obra gañadora do I Concurso de Composición
para Orquestras Amateur (2017)*
Serguéi Prokofiev *Pedro e o lobo*, op. 67

*Estrea absoluta

Xunto á obra gañadora do I Concurso de Composición para Orquestras Amateur, este concerto familiar da Orquestra da Universidade de Santiago de Compostela está dedicado a unha das obras máis entrañables para o público infantil: *Pedro e o lobo*. En 1935, o Teatro Central Infantil de Moscú encargou a Prokofiev unha sinfonía para nenas e nenos co obxectivo de cultivar o seu gusto musical. Completado en só catro días, este conto sonoro tivo unha acollida desfavorable. Canto cambiou desde entón a situación! Para a súa posta en escena, a orquestra e o seu director Mario Diz contan coa colaboración de Pablo Sampedro en calidade de narrador.



La Phármaco

Desde o seu nacemento en 2009, La Phármaco propúxose recuperar o concepto clásico de cerimonia escénica: o espectáculo total, onde os elementos expresivos se reúnen e afinan nunha mesma tonalidade, comprometida coa mensaxe. Para La Phármaco creemos que a danza non se limita a unha cuestión de xéneros nin de estilos, o seu labor é tratar de facer visible o que estaba escuro. As formas e as dinámicas son sempre inesperadas, orixinadas no profundo e reveladas como segredos onde a alma pode manifestarse e recoñecerse. A danza é unha arte culta, que dialoga coas voces fundamentais da nosa Historia. La Phármaco atopa nos clásicos da literatura universal un espello apropiado para reflectir a nosa época, á vez que reivindica a danza como mecanismo social, humanista. A cerimonia escénica é necesaria. A experiencia poética enfróntanos coas contradicións do humano. Quen baila lémbra-nos que o mundo se está creando aínda. Entre as creacións de La Phármaco destacan *El libro de los venenos* (2009, Prmio INJUVE e Málaga CREA 2009), *El monstruo de las dos espaldas* (2010), *Antes fue siempre fuego* (2012), *Sed erosiona* (2012), *Éxodo: primer día* (2013, nomeada aos Premios

MAX e aos Premios del Teatro Andaluz como Mejor Espectáculo de Danza e Mejor Intérprete Femenina de Danza, seleccionada para o catálogo do AECID 2015) e *La voz de nunca* (2014, co-producida pola Agencia Andaluza de Instituciones Culturales, Premio Mejor Intérprete Femenina de Danza nos Premios del Teatro Andaluz, 2015). Os seus traballos recibiron o apoio do Centro de Danza Canle, a Agencia Andaluza de Instituciones Culturales, INAEM e AECID, e o seu repertorio continúa en xira dentro e fóra de España. ●

La Phármaco

VEN.17.NOV–20.30 h
Auditorio de Galicia–Sala Mozart

Luz Arcas, coreografía e interpretación
Carlos González, composición e interpretación musical
Jorge Colomer, iluminación
Heridadegato, diseño de vestuario
Ana Montes, escenografía

Kaspar Hauser. El huérfano de Europa (2016)

“Miralo todo cos ollos de quen non esperaba nin necesitaba o mundo”. Así introduce a compañía La Phármaco o leit motiv desta creación, que afonda nos misterios da controvertida personaxe que lle dá título á súa obra, Kaspar Hauser, coñecido como “o orfo de Europa”. La Phármaco, unha das formacións máis prometedoras da danza contemporánea de España, coa coreógrafa e bailarina Luz Arcas á fronte, presenta en Galicia *Kaspar Hauser. El huérfano de Europa*, un espectáculo físico que dialoga coa Historia para reflectir a nosa época, bailando, como a propia formación afirma, “a natureza poética e salvaxe do humano”.



Nicasio Gradaille

Afincado en Vigo onde é profesor no Conservatorio Superior de Música, é pianista e membro fundador do Taller Atlántico Contemporáneo (TAC) de Santiago de Compostela. Doutor pola Universidade de Vigo cunha Tese sobre o *Concert for Piano* de John Cage de quen gravou para a Radio Galega as súas *Sonatas and Interludes*, impartiu seminarios sobre a súa obra para piano en diversos conservatorios europeos: Gante, Leeds, Viena, Aveiro ou Londres (Royal College of Music). Interesado na música contemporánea, participou nos festivales Via Stellae (Santiago de Compostela), Semana do Corpus (Lugo), Espazos Sonoros (Ourense, Vigo, Sada), Semana de Música Religiosa (Cuenca) ou Festival Internacional de Música y Danza (Granada). Gradaille foi galardoado co Primeiro Premio no Concurso Internacional Xavier Montsalvatge (Música para Piano do Século XX) de Girona e no Concurso Nacional Gregorio Baudot de Ferrol. Estudou

no Conservatorio Superior de Música de Coruña, con Natalia Lamas, no Conservatorio Profesional de Vilaseca con Cecilio Tieles e na Musik-Akademie der Stadt Basel (Basilea, Suíza), con Peter Efer. Tamén recibiu clases en Santiago de Compostela con Martín Millán. Colabora frecuentemente coa Real Filharmonía de Galicia. ●

Nicasio Gradaille

Piano

SAB.18.NOV-20.30 h
CGAC

Études. Hitchcock and Kubrik

Nicole Lizée (1973) *Music on films by Hitchcock and Kubrik*
Études for piano, soundtrack and video

(*O resplendor*, *A laranxa mecánica*, 2001: *Odisea no espazo*,
Psicose, *O home que sabía demasiado*, *A soga*, *Os Paxaros*)

Nicole Lizée comenta dos seus *Études. Hitchcock and Kubrik* que as obras tratan de esquivar nos mundos de directores de cine icónicos, cada un cun estilo de seu, e que supuxeron un grande impacto na súa estética. O punto de partida foi a preocupación pola fiabilidade dos medios. A tecnoloxía pode fallar, e pode fallar de xeito estrepitoso, creando, non obstante, sons e imaxes fascinantes. Cada unha destas series de estudos parte de gravacións e vídeos dos filmes destes grandes autores, aínda que deconstruídas. As imperfeccións e erros resultantes son tecidos conxuntamente para crear unha paisaxe sónica sobre a que o piano interactúa, emulando os trazos característicos dos medios audiovisuais cando funcionan mal. Vexamos, pois, baixo que luz volven refulxir cintas tan emblemáticas como *O resplendor*, *A laranxa mecánica*, 2001: *Odisea no espazo*, *Psicose* ou *Os paxaros*.

Manuel Blanco

Nacido en 1985 en Daimiel (Cidade Real), estudiou trompeta con M. Baeza Rubio e J. M. Ortí Soriano e na actualidade recibe asesoramento musical de Reinhold Friedrich. Gañou concursos como o Ciudad de Xátiva, Calviá, Moixent, Jeju (Corea do Sur), pero o seu gran logro internacional chegou co primeiro premio do ARD Music Competition de Múnic 2011, no que obtivo a cualificación máis alta da historia do certame. Traballou como trompeta solista en orquestras como Concertgebouw de Ámsterdam, Gewandhaus de Leipzig, Filharmónica de Radio France, Gustav Mahler Jugend Orchester, European Youth Orchestra, Berlin Staatsoper, Filarmónica Arturo Toscanini, Orquestra Mozart Bologna, a Orquestra Teatro alla Scala Milán e Nacional de España, xunto a grandes batutas como Abbado, Jansons, Frühbeck de Burgos, Maazel, Mehta, Barenboim, Chailly, Dudamel, Nelsons, Pons, Mena, Heras-Casado, Pehlivanian, Salado, Baeza-Rubio, Olivieri-Munroe, Bychkov, Eschenbach ou Afkham. Como concertista, tocou coas orquestras da Radio de Baviera, da Radio de Múnic, RTVE, Nacional de España, Navarra, Bilbao e Municipal de Valencia, orquestras de cámara de Múnic e Budapest, Jeju Philharmonic Orchestra, Camerata XXI, Philharmonisches Orchester Würzburg, Capella Symphonic Orchestra (St. Petersburg), Hofer Symphoniker, Niederrheinische Sinfoniker, Norddeutsche Philharmonie Rostock, etc. O seu interese pola música de cámara, levouno a liderar o Mediterranean Chamber Brass, que actuou por todo o mundo con premios internacionais en competicións como o Festival de Jeju (Corea del Sur), Lieksa Brass Week (Finlandia), Múnic, etc. Nos seus próximos proxectos inclúense numerosos concertos de solista con orquestras de recoñecido prestixio, recitais con piano e órgano e o lanzamento do seu primeiro CD como solista cos concertos de Mozart, Haydn, Tomasi e Zimmermann, xunto á ONE e o mestre J. Pons.



Jesús Sánchez

Inicia os seus estudos con María Suárez Bricio e continúaos no Conservatorio de Cuenca con M^{ra} Teresa Untoria Atienza, obtendo o Grao Superior coas mellores cualificacións. Completa a súa formación artística con profesores como Almudena Cano, Ferenc Rados, M. A. Ortega Chavaldas, Gonzalo Trevijano, Julia Díaz-Yanes, etc. Actuou como solista en salas de cidades como Cuenca, Guadalaxara, Madrid, Sevilla, Tenerife ou Albacete e ofreceu concertos en numerosas localidades castelán-manchegas como solista así como en recitais de canto e piano. Foi mestre repetidor en óperas como *Don Pasquale* ou *Dido e Eneas*, ademais de pianista acompañante da Royal Academy of Dance de Londres en varias ocasións e diversos puntos da xeografía nacional. É un dos fundadores e organizadores do Festival Internacional de Música de Almonacid del Marquesado, onde actuou xunto a Manuel Blanco, do que é pianista habitual. Como docente, exerceu a labor de repertorista en numerosos centros da Comunidade de Madrid e Castela-A Mancha. Conta cunha dilatada experiencia como pianista acompañante de danza nas clases de Carmen Roche na Escuela Superior de Arte Dramático Scaena, así como en distintos conservatorios de danza da Comunidade de Madrid. Actualmente, traballa como profesor no Conservatorio Superior de Música de Castilla-La Mancha e na Universidad Alfonso X el Sabio de Madrid. ●



Manuel Blanco

Trompeta

Jesús Sánchez

Piano

VEN.24.NOV–20.30 h
Paraninfo da USC

Lendas e fantasías

Arthur Honegger	<i>Intrada H 193</i> (1947)
George Enesco	<i>Légende</i> (1906)
Claude Debussy	<i>Claro de luna</i> (1880)
Gabriel Parès	<i>Fantaise-Caprice</i> (1911)
Julián Ávila	Estrea absoluta* (2017)
Rodion Shchedrin	<i>En el estilo de Albéniz</i> op. 52 (1973)
Isaac Albéniz	<i>Mallorca</i> (Barcarola) op. 202 (1890)
Peter Maxwell Daviel	<i>Sonata para trompeta y piano</i> (1955)

*Estrea absoluta. Encargo do CNDM

A *Intrada* de Honegger tan popular entre os trompetistas, xa sexan de formación clásica ou forxados no jazz, abre esta penúltima cita das Xornadas na que se servirá un cóctel moi variado de obras orixinais e transcricións. O sobresaínte trompetista de Cidade Real, Manuel Blanco, terá aquí a oportunidade de amosar a súa gran musicalidade e dominio do instrumento desde a tranquila *Légende* de Enesco á saltarica *Sonata* de Maxwell, pasando por varias estacións intermedias e unha estrea absoluta, obra encargo do CNDM ao compositor valenciano Julián Ávila.

Cuarteto Granados

Esta formado por catro destacados intérpretes españois cunha sólida formación obtida en centros como a Escuela de Música Reina Sofía de Madrid, a Hochschule de Viena, a Hochschule Hanns Eisler de Berlín, a University of Toronto ou o Chicago Musical College e unha ampla experiencia en agrupacións de cámara coas que recorren as salas máis importantes de España e doutros países. Os seus membros compaxinan a súa carreira interpretativa co labor individual en conservatorios e orquestras, e imparten clases en cursos nacionais e internacionais. No 2006, deciden profundar no repertorio para cuarteto de corda, atraídos pola calidade da música escrita para dito conxunto e polo reto que supón superar as dificultades musicais e técnicas esixidas en igual proporción a cada un dos seus intérpretes. Entre as súas actuacións destaca a súa participación nos monográficos da Fundación March, especialmente os adicados a Haydn, Mendelssohn, Bartók e á Segunda Escola de Viena, retransmitidos en directo por RNE. Participaron tamén nos ciclos pedagóxicos da Fundación Madrid, no Festival de Almagro, no Festival Internacional de la Guitarra de Córdoba, no Ciclo de Cámara y Solistas da Fundación Caja Duero en Salamanca, no Festival de Música Española de León, no ciclo Conciertos de Estío do Auditorio Conde Duque de Madrid, no Festival Internacional Presjovem en Córdoba, na Semana de Música Religiosa de Cuenca e no Ciclo de Grandes Autores e Intérpretes no Auditorio Nacional.

Alicia Amo

Comeza os seus estudos de violín en Burgos e compaxinaos cos de ballet e percusión clásica. Obtén o título superior de violín en Musikene coas máis altas cualificacións, continúa na Universität für Musik de Graz e realiza Bachelor e Máster en Canto Histórico na Schola Cantorum Basiliensis, onde acadada Matrícula de Honra. Estuda violín barroco e realiza dous Operastudio con R. Jacobs e A. Zedda. Obtén o primeiro premio no I Manhattan International Music Competition, I Concurso Internacional de Ópera Mozart de Granada, o segundo premio no VIII Concorso Internazionale di Canto Napoli, I Berliner International Music Competition, e é finalista no I Concurso Internacional de Ópera Tenerife e XXIV Concours de Chant Clermont-Ferrand, amais de seleccionada para as residencias de Atelier Lyrique



Strasbourg, Royaumont/Paris, Festival d'Ambronay e Fondazione Cini Venezia.

Actúa como solista en concerto, ópera e oratorio en festivais en Europa e América xunto á Zürcher Kammerorchester, Café Zimmermann, B'rock Orchestra, Vokalademie Berlin, Orchestra di Lugano, Pygmalion, La Cetra Basel, Le Parlement de Musique, Sinfónicas de Bilbao, Granada, Madrid, RTVE ou Barroca de Sevilla; en teatros como os de Versailles, Nancy, Burdeos, Caen, Ruhrtriennale, Arriaga de Bilbao, La Zarzuela de Madrid, Maestranza de Sevilla, Semperoper de Dresde, etc e dirixida por Onofri de Marchi, Marcon, Alessandrini, Pichon, Gómez Martínez, Víctor Pablo, C. Mena, Cohen, Banzo, Koopman ou Jacobs. Funda Musica Boscareccia xunto a A. Mercero e o seu primeiro CD adicado a F. Corselli é nominado aos premios ICMA 2017. É profesora de Canto Histórico en AIMAntiqua, Baroque Opera Studio Burgos e na Academia Internacional da Universidad de Murcia. Como violinista, foi solista e concertino da JONDE, Sinfónica de Burgos, membro da EUYO, Steirische Philharmonie de Graz, I Barocchisti e colaborou coa Sinfónica de Euskadi, a Orquesta Barroca de Sevilla e a Orquesta de RTVE. Entre os seus proxectos como soprano, destacan a representación de *Siegfried* de Wagner no Campoamor de Oviedo, *Don Carlo* de Verdi no Real de Madrid; *Così fan tutte*, no Victoria Eugenia de San Sebastián, na estrea de *El Mozo de Mulas* de Antonio José en Burgos, *La Susanna* de Stradella en Xenebra, *La Serva Padrona* en Klagenfurt, *Mysteries of the Macabre* de Ligeti (Bilbao e Madrid), *Mesías* de Haendel (coas orquestras de Granada e da Comunidad de Madrid) e *Arie di Concerto* de Mozart xunto a P. González no Festival de Granada. ●



Cuarteto Granados

SAB.25.NOV-20.30 h
Igrexa da Universidade

Alicia Amo, soprano

Cuarteto con voz


Gustavo Díaz Jerez
Jesús Torres
Arnold Schoenberg

*Critical Strip** (2016)
*Cuarteto de cuerda*** (2013)
Cuarteto núm. 2 op. 10 (1907/08)

*Estrea absoluta


**Re-estrea. Encargo do CNDM

O Cuarteto Granados porá fin a esta nova edición das Xornadas estreando unha obra do pianista e compositor Gustavo Díaz-Jerez antes de interpretar o *Cuarteto de cuerda* do Compositor Residente do CNDM Jesús Torres, cuxa transparencia e luminosidade se deben ás súas harmonías diáfanas. Finalmente, o *Cuarteto de cuerda núm. 2, op. 10* de Schoenberg dará pé a que a nova soprano Alicia Amo acompañe aos músicos para pór a súa marabillosa voz ao servizo dunha das obras máis importantes da primeira metade do século XX que supuxo o punto de inflexión a partir do que Schoenberg se despide das grandes formas e inicia aquela etapa que o conduciría ao dodecafonismo.





“C”



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE

inaem
INSTITUTO NACIONAL DE CENTROS DE DIFUSIÓN MUSICAL

Centro Nacional de Difusión Musical
CNDM

CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORANEA

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



CONSORCIO DE SANTIAGO



XUNTA DE GALICIA